

Abraham Cupeiro

CONCERTO DE CLAUSURA ARDE LUCUS



O CONCERTO

Abraham Cupeiro presenta en Lugo un espectáculo irrepetible, concibido expresamente para a gran festa do **Arde Lucus**. Unha cita ineludible e moi emocionante para o músico por xogar na casa, onde as súas obras máis emblemáticas como O Anel de Pedra, a banda sonora da Muralla, soarán xunto a **composicións inéditas** creadas para a ocasión.

Arroupado por un **ensemble de 10 músicos**, este “Indiana Jones” da música amosará en directo a esencia do seu traballo. O gran fito desta proposta histórica será escoitar, por primeira vez en milenios, **tres cornos romanos e tres karnyx celtas** resoando ao unísono. Son os mesmos instrumentos, fabricados por el, que gravaron a banda sonora de **Gladiator II**.

Aínda que estamos afeitos a ver estes instrumentos como pezas destacadas na obra de Abraham, **en ningunha outra parte do mundo se poderán ver todos soando á vez**. Unha montaxe increíble e única, deseñada á medida para engrandecer o Arde Lucus.



ABRAHAM CUPEIRO

Apaixonado construtor e multiinstrumentista, Cupeiro é un dos poucos intérpretes de karnyx no mundo. Reúne unha colección de máis de 200 instrumentos rescatados do tempo, chegando a tocar habitualmente un centenar deles.

A súa traxectoria levouno a gravar con Warner Classics e colaborar con orquestras internacionais e figuras da talla de Hans Zimmer ou Harry Gregson-Williams. Recentemente, ademais do seu traballo en *Gladiator II*, participou na banda sonora de *Life on Our Planet*, a serie de Netflix producida por Steven Spielberg.

Nado na vila lucense de Sarria, Cupeiro para Cupeiro é unha verdadeira honra investigar, crear e proxectar a súa arte dende a súa terra, levando os seus singulares instrumentos e a súa música a todos os recunchos do mundo sen esquecer nunca de onde vén.



CONTACTO

MARIO FERNÁNDEZ

Etiqueta Negra Producciones S.L.

mario@etiquetanegra.org

Tlfono.: 662 125 217

